

Proposta de estrutura do exame de galego para o acceso a prazas de persoal de **nome da institución**

Introdución

As destrezas lingüísticas son catro:

- ◆ *Comprensión oral*
Destreza para a comprensión dunha secuencia oral de palabras.
- ◆ *Comprensión escrita*
Destreza para comprender o significado dun texto escrito.
- ◆ *Expresión oral*
Destreza para falar e expresarse correctamente.
- ◆ *Expresión escrita*
Destreza para expresarse por escrito mediante palabras.

Estas catro destrezas son tamén as que avalían as probas oficiais Celga.

Dado que para acceder aos postos de **nome da institución** será esixible un determinado nivel Celga, parece tamén razoable que o modelo de probas que se desenvolvan para aquelas persoas candidatas que non acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, sexa similar ás probas Celga.

Propónse, polo tanto, que o exame de lingua galega teña a seguinte estrutura:

Estrutura do exame

- **Parte escrita, cunha duración total de noventa minutos**

Primeira proba. Comprensión escrita ou comprensión oral + Expresión escrita.

As persoas candidatas deberán redactar un texto seguindo unhas indicacións que se lle facilitarán por escrito. A elaboración do texto deberá basearse na comprensión dun texto escrito ou na comprensión dun fragmento de audio ou audio-vídeo.

A proba escrita corríxirase respectando o anonimato dos candidatos. O resultado será de aptitude ou non aptitude.

- **Parte oral, cunha duración máxima de quince minutos por persoa candidata**

Segunda proba. Comprensión escrita ou comprensión oral + Expresión oral.

Os candidatos deberán ler un texto ou escoitar un fragmento de audio ou audio-video, e a seguir, nunha entrevista co examinador, pediráselles que resuman o *input* e/ou que fagan un relato ou unha breve exposición, e/ou que manteñan un diálogo ao respecto do *input* recibido de modo que poida ser avaliada a súa produción oral.

A entrevista será gravada para que quede constancia da proba realizada e sexan posibles posteriores revisións ou reclamacións.

O resultado desta proba será de aptitude ou non aptitude.

Para superar o exame de galego os candidatos deberán obter o resultado de apto tanto na parte escrita coma na oral.

Lugar, día de mes de ano

Nome

Cargo